


Papaventos con Historia



índice

Introdución	5
Que é un papaventos?	6
Partes do papaventos	7
Por que voan os papaventos?	9
Clasificación dos papaventos	10
Un pouco de historia	12
Exposición	14
Bibliografía	26

O vento ao longo da historia da humanidade foi unha fonte enerxética e lúdica constante; cedeu a súa forza para facilitar arduas tarefas domésticas e acompañou as viaxes daqueles que recorreron ao deus Eolo para surcar os grandes mares, favorecendo así o avance da civilización. Foron moitos os aproveitamentos do vento. O noso propio progreso fixo que os usos e a tecnoloxía aplicada evolucionasen para adaptarse ás novas necesidades. O voo de papaventos é quizais un dos empregos do vento máis descoñecidos e que, non obstante, posibilitou grandes avances da ciencia. Conscientes diso, a exposición Papaventos con Historia, realizada pola Fundación Sotavento co apoio de Caixanova, persegue achegarnos a este apaixonante mundo e axudarnos a comprender mellor as bases científicas de determinados fenómenos que se relacionan co vento.

Esta publicación pretende tamén, servir de apoio á visita da mostra que está composta por doce reproducións de papaventos que destacaron historicamente por seren empregados para diversos usos, fundamentalmente científicos.

Dita mostra, non pretende ser unha clasificación rigorosa e científica da historia dos papaventos, senón que o seu obxectivo é destacar un período histórico onde a humanidade empregou estes artefactos voadores para distintos fins relacionados coa publicidade, a fotografía aérea, a guerra, experimentos científicos e a ansia de voar. Son tantos os usos, a variedade de formas e os logros e descubrimentos atribuídos aos papaventos que sería moi difícil resumilos brevemente. Nas liñas que seguen, trataremos por tanto de ofrecerlles unha breve introdución a este mundo certamente pouco coñecido e apaixonante. Para iso faremos unha breve viaxe pola súa historia, polos principios físicos que os fan voar, pola súa clasificación e por último un percorrido polas doce reproducións das que se compón a exposición.

Conceptos como ángulo de ataque, bordo de fuga, sustentación, aerodinámica, etc, achegaránsenos da man do que hoxe maioritariamente consideramos un xoguete e que representa a base sobre a que se sustenta o funcionamento da maioría dos aparatos que teñen que ver co vento, coa aerodinámica e coa arela da humanidade de conquistar os ceos.